

**ORDE do 28 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para o control do rendemento leiteiro ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, e se convocan para o ano 2026. Consellería do Medio Rural (DOG N° 1, 02/01/2026)**

## Obxecto

Esta orde ten por obxecto desenvolver as bases polas que se rexerá a concesión de axudas destinadas ás entidades oficialmente recoñecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia para o control do rendemento leiteiro.

Estas axudas tramitaranse en réxime de **concorrenza competitiva**.

O código de procedemento administrativo para dita axuda é MR270B.

## Actuacións subvencionables

Serán subvencionables as actividades levadas a cabo despois da presentación da solicitude de axuda.

Poderanse subvencionar as actuacións destinadas a comprobar sistemáticamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos e capacidades dos animais no marco dun programa de cría aprobado oficialmente para a raza.

## Beneficiarios

Poderán acollerse ás axudas descritas nesta orde as entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro oficial ao abeiro do RD 663/2023 do 18 de xullo que sexan una entidade de control leiteiro (persoa física ou xurídica autorizada pola autoridade competente dunha ou varias CCAA para a realización do control do rendemento leiteiro nos seus territorios) ou unha asociación ou organización de criadores (sociedades de criadores de razas puras).

Asimismo deberán ter a condición de peme e empregar unha base de datos única e común para toda Galicia, onde se integrará, procesará e analizará toda a información procedente dos controis realizados.

As persoas beneficiarias últimas das actuacións con as persoas gandeiras que participan no control oficial de rendemento leiteiro, que reciben a axuda baixo a forma de servizos subvencionados prestados por terceiros.

## Contía das axudas

O importe máximo de axuda estará limitado sobre os gastos subvencionables ata o 70 % dos custos derivados da realización de probas destinadas a determinar o rendemento do gando vacún leiteiro.

## Criterios de valoración

Na concesión de axudas previstas nesta orde atenderase aos seguintes criterios:

- Número de lactacións no ano 2025: 4 puntos. En cada convocatoria, a repartición do total de puntos por este criterio entre as persoas solicitantes de cada comunidade autónoma realizarase de forma proporcional ao número de lactacións realizadas durante o ano 2025.
- Carácter supraautonómico da entidade solicitante: 6 puntos.

- c) Capacidade da entidade solicitante para desenvolver as actuacións que se financien, especialmente as actividades relacionadas co control de rendementos coa maior eficacia, eficiencia e economía de medios persoais e materiais, tendo en conta os censos e explotacións: 2 puntos.

Para avaliar este criterio, o órgano concedente terá en conta o persoal técnico e administrativo cualificado e os medios materiais de que dispón cada entidade para a realización dos controis: equipamento informático, software específico, aparellos de medición e vehículo de transporte.

- d) Entidade colaboradora do Programa de mellora xenética de frisón de Galicia: 3 puntos.

Será preciso obter unha puntuación mínima de 4 puntos.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o **3 de xaneiro ata o 3 de febreiro de 2026**.